



## CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

### ACTA DA SESIÓN ORDINARIA QUE CELEBROU A XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DIA 10/03/2022, EN 1ª CONVOCATORIA.

#### ASISTENTES

#### PRESIDENTE

MARCOTE SUAREZ, José (PSOE)

#### CONCELLEIROS

VILELA ROMERO, Soledad (PSOE)  
SAR OLIVEIRA, Xan Carlos (BNG)  
FERNANDEZ MARTINEZ, Teresa (BNG)

#### SECRETARIO-ACCIDENTAL

CARRIL PEREZ, Juan Carlos

Na vila e termo municipal de Fisterra, ás 20:00 horas, do día 10/03/2022, reúnense no salón de sesións da casa do concello, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, José Marcote Suárez, os Srs. e Sras. que na marxe se expresan, coa finalidade de celebraren a sesión extraordinaria, en primeira convocatoria, da Xunta de Goberno Local.

Tendo en conta que segundo o establecido no artigo 113.1.c) do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización e Funcionamento das Entidades Locais, para a válida constitución da Xunta de

Goberno Local requírese a asistencia da maioría absoluta dos seus compoñentes.

Comprobado pola Secretaria - Intervención accidental, que os reunidos constitúen quórum suficiente para a válida celebración da Xunta de Goberno Local en primeira convocatoria, o Sr. Alcalde - Presidente declara aberta a sesión, e todo iso aos fins de deliberar e resolver sobre o contido da seguinte

#### ORDE DO DIA

- 1- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.
- 2- LICENZAS E COMUNICACIONES PREVIAS.
- 3- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CERTIFICACIÓN UNICA DA OBRA MELLORA DO SANEAMENTO NA PRAIA DA RIBEIRA
- 4- ASUNTOS VARIOS.

#### 1º) APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

Intervén o Sr. Alcalde-Presidente preguntando se algún membro da Xunta de Goberno Local, quere formular algunha observación, ao contido da acta do 24/02/2022, distribuída coa convocatoria.

Non facendo uso da palabra ningún concelleiro, o Sr. Alcalde-presidente somete á votación a proposta de aprobación da acta da sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local de 24/02/2022, sendo aprobada por unanimidade dos asistentes.

#### 2º) LICENZAS E COMUNICACIONES PREVIAS

#### LICENZAS DE OBRAS



## CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

EXPEDIENTE: 2020/U022/000021

Visto o escrito co número 2020/999/00000243 do Rexistro Telemático de Entrada de Documentos deste Concello, de data 22/09/2020, presentado por XOAN BAUTISTA ALBORES TAJES, en representación de LUIS LOPEZ BAHAMONDE, no que solicita licenza de edificación para reconstrución de edificación destinada a uso agropecuario que se localiza no lugar de Vilar de Duio deste termo municipal, en base ao expediente de legalización Proxecto Básico + Execución para reconstrución de edificación para destinala a uso agropecuario, realizado polo arquitecto Xoán B. Alborés Tajés, colexiado 3125 do COAG.

Considerando que, do informe técnico de data 17/11/2020, emitido polo arquitecto que presta servizos en materia urbanística nesta corporación, despréndese a documentación que se deberá presentar para continuar coa tramitación do expediente.

Considerando que, co número 2020/000/00001697 (RS) de 23/11/2020, remítese oficio a LUIS LÓPEZ BAHAMONDE, ao que se lle xunta un copia do informe técnico de 17/11/2020, requiríndolle a presentación da documentación que consta no informe técnico.

Considerando que, mediante oficio co número 2020/000/00001698 (RS) de 23/11/2020, remítese copia do expediente ao SERVIZO DE PATRIMONIO CULTURAL DE A CORUÑA, pertencente á CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACION UNIVERSITARIA, para que emita o correspondente informe sectorial.

Considerando que con data 27/01/2021, o Xefe do Servizo de Coordinación Cultural informa desfavorablemente a legalización das obras de reconstrución da edificación solicitada, debendo completarse e corrixirse a documentación presentada.

Considerando, que do informe técnico de data 9/02/2021, emitido polo arquitecto que presta servizos en materia urbanística nesta corporación, despréndese a documentación que se deberá presentar para continuar coa tramitación do expediente.

Considerando que, co número 2021/000/00000317 (RS) de 10/02/2021, remítese oficio a LUIS LÓPEZ BAHAMONDE, ao que se lle xunta un copia do informe técnico de 9/02/2021, requiríndolle a subsanación das deficiencias observadas e indicándolle que se suspenden os cómputos de prazos do expediente, mentres non se presente a documentación requirida.

Considerando que, co número 2021/999/00000154 do Rexistro Telemático de Entrada de Documentos deste Concello, de data 11/02/2021, XOAN BAUTISTA ALBORES TAJES, achega documentación complementaria.

Considerando, que do informe técnico de data 6/03/2021, emitido polo arquitecto que presta servizos en materia urbanística nesta corporación, despréndese a documentación que se deberá presentar para continuar coa tramitación do expediente.

Considerando, que mediante oficio co número 2021/000/00000471 (RS) de 10/03/2021, remítese copia do expediente ao SERVIZO DE PATRIMONIO CULTURAL



## CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

DE A CORUÑA, pertencente á CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA, para que emita o correspondente informe sectorial.

Considerando que, co número 2021/999/00000286 do Rexistro Telemático de Entrada de Documentos deste Concello, de data 9/04/2021, XOAN BAUTISTA ALBORES TAJES, achega documentación complementaria.

Considerando que, co número 2021/999/00000383 do Rexistro Telemático de Entrada de Documentos deste Concello, de data 3/06/2021, XOAN BAUTISTA ALBORES TAJES, achega documentación complementaria.

Considerando que con data 7/02/2022, o Xefe do Servizo de Coordinación Cultural informa favorablemente a legalización da reconstrución conforme ao anexo presentado e autorización a realización das obras de corrección solicitadas.

Visto que con data 25/02/2022, o arquitecto que presta servizos nesta corporación, informa favorablemente o anexo do expediente de legación sen visar con título anexo ao proxecto básico e de execución presentado.

Visto o informe xurídico favorable emitido o día 28/02/2022, por Gloria Zúñiga Rial, letrada colexiada número 2326 do ICA de Santiago de Compostela, en nome de representación de GALIVALIA empresa que presta servizos de asesoramento xurídico a esta corporación.

De conformidade co previsto no artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia; a Xunta de Goberno por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Conceder a LUIS LÓPEZ BAHAMONDE, licenza para a realización de obras consistentes na reconstrución de edificación para destinala a uso agropecuario, que se localiza no lugar de Vilar de Duio deste termo municipal, en base ao anexo ao expediente de legalización sen visar redactado polo arquitecto Xoán B. Alborés Tajés, colexiado 3125 COAG e título "Anexo a Proxecto Básico + Execución para reconstrución de edificación para destinala a uso agropecuario".

2º) O inicio das obras deberá comunicarse ao concello e que en todo caso terá lugar no prazo de seis meses desde a data de outorgamento da presente licenza xa que o seu incumprimento determinará o inicio do expediente de declaración de caducidade segundo o artigo 145 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia.

Repoñerase ao estado inicial o pavimento afectado coas mesmas calidades e materiais.

Co fin de garantir a reposición do firme ou beirarrúa que puidese ser afectada polas obras pretendidas deberase presentar aval bancario ou realizar un depósito na conta do concello de cincocentos euros (500,00 €).



## CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

Para a primeira ocupación da edificación deberá acadarse a necesaria actualización catastral.

3º) En aplicación do artigo 24 da ordenanza reguladora dos procedementos de intervención administrativa nos actos do uso do solo, subsolo e no exercicio de actividades e apertura de establecementos do Concello de Fisterra, dispórase a pé da obra un cartel indicador que sexa visible desde o vial público, coas dimensións de 110 cm de ancho por 80 cm de alto e co seguinte contido:

- Nº EXPEDIENTE DA LICENZA DE OBRA: 2020/U022/000021
- DATA EXPEDICIÓN DA LICENZA: Xunta de Goberno Local de 10/03/2022
- ORDENANZA DE APLICACIÓN: Núcleo Rural Histórico Tradicional (NRHT)
- PROMOTOR: D. LUIS LÓPEZ BAHAMONDE
- CONSTRUTOR:
- DIRECTOR DE OBRA: Xoán B. Alborés Tajés. Colexiado nº. 3125 do COAG
- DIRECTOR DE EXECUCIÓN MATERIAL: Juan Ramón Insua Redonda, Colexiado nº. 2750 do COATIE.
- NÚMERO DE PRANTAS AUTORIZADAS: B+BC
- USO: Almacén agropecuario
- PRAZA MAXIMO DE EXECUCIÓN: 3 anos desde a data de concesión da licenza

O Cartel será un taboleiro hidrófugo con fondo branco e texto negro perfectamente visible.

4º) O orzamento de execución material da obra segundo o proxecto ascende á cantidade de vinte mil cento oitenta e sete euros e dezanove céntimos (20.187,19 €).

O orzamento de execución material en aplicación da ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre construcións, instalacións e obras aprobada definitivamente mediante acordo adoptado polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o día 4/10/2011, e publicado no BOP número 231 de 5/12/2011, é de trinta e cinco mil cincocentos setenta e sete euros e trinta e seis céntimos (35.577,36 €) e sobre este importe calcularase o ICIO e a tramitación do expediente.

4º) Notificar este acordo ao interesado para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer.

EXPEDIENTE: 2021/U022/000015

Visto o escrito co número 2021/999/00000465 do Rexistro Telemático de Entrada de Documentos deste Concello, de data 26/07/2021, presentado por ENRIQUE IGLESIAS LIMA, en representación de LAURA CASTREJE PEREZ, no que solicita licenza de edificación para catro cabanas turísticas de 1 chave, que se localizarán no lugar de Mallas deste termo municipal (Referencia Catastral número: 15038A502008290000DH), en base ao proxecto básico visado con data 7/07/2021 redactado polos arquitectos Alberte Pérez Rodríguez e Enrique Iglesias Lima, Colexiados nº 3.401 e 3.707 do COAG.



## CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

Considerando, que do informe técnico de data 7/09/2021, emitido polo arquitecto que presta servizos en materia urbanística nesta corporación, despréndese a documentación que se deberá presentar para continuar coa tramitación do expediente.

Considerando que, co número 2021/000/00001445 (RS) de 14/09/2021, remítese oficio a ENRIQUE IGLESIAS LIMA, ao que se lle xunta un copia do informe técnico de 7/09/2021, requiríndolle a presentación da documentación que consta no informe técnico e indicándolle que se suspenden os cómputos de prazos do expediente, mentres non se presente a documentación requirida.

Considerando que, co número 2021/000/00001448 (RS) de 14/09/2021, remítese oficio á DIRECCIÓN XERAL DE PATRIMONIO CULTURAL pertencente á CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA, para que emita o correspondente informe sectorial.

Considerando que, co número 2022/999/00000140 do Rexistro Telemático de Entrada de Documentos deste Concello, de data 22/02/2022, presentado por ENRIQUE IGLESIAS LIMA, achega informe favorable de 16/11/2021 emitida polo inspector de Turismo.

Considerando que, co número 2022/999/00000172 do Rexistro Telemático de Entrada de Documentos deste Concello, de data 4/03/2022, presentado por ENRIQUE IGLESIAS LIMA, achega resolución emitida polo xefe do Servizo de Coordinación Cultural de data 11/01/2022, polo que se autorizan as obras de construción solicitadas.

Visto que con data 10/03/2022, o arquitecto que presta servizos nesta corporación, informa favorablemente o proxecto básico presentado.

Visto o informe xurídico favorable emitido o día 10/03/2022, por Gloria Zúñiga Rial, letrada colexiada número 2326 do ICA de Santiago de Compostela, en nome de representación de GALIVALIA empresa que presta servizos de asesoramento xurídico a esta corporación.

De conformidade co previsto no artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia; a Xunta de Goberno por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Conceder a LAURA CASTREJE PEREZ, licenza para a realización de obras consistentes na construción de catro cabanas turísticas de 1 chave, que se localizarán no lugar de Mallas deste termo municipal (Referencia Catastral número: 15038A502008290000DH), en base ao proxecto básico visado con data 7/07/2021 redactado polos arquitectos Alberte Pérez Rodríguez e Enrique Iglesias Lima, colexiados nº 3.401 e 3.707 do COAG.

2º) Condicionarase a autorización para o inicio das obras ao cumprimento do disposto na Orde do 3 de setembro de 2009, pola que se desenvolve o procedemento, a organización e o funcionamento do Rexistro de Certificados de Eficiencia Enerxética



## CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

de Edificios da Comunidade Autónoma de Galicia, en virtude do que resulta condición necesaria para poder iniciar a execución das obras do edificio inscribir no rexistro o certificado de eficiencia enerxética do proxecto.

O inicio das obras deberá comunicarse ao concello e que en todo caso terá lugar no prazo de seis meses desde a data de outorgamento da presente licenza xa que o seu incumprimento determinará o inicio do expediente de declaración de caducidade segundo o art. 145 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia.

O estudio xeotécnico débese acometer na fase inicial do proxecto e en calquera caso antes de que a estrutura estea totalmente dimensionada, o que deberá acreditar antes ou simultaneamente á solicitude de primeira utilización da edificación.

O terreo de cesión correspóndese con 90,64 m<sup>2</sup>, polo que deberá presentarse esta cesión mediante documento público.

Presentarase un anexo de obra urbanizadora no que se reflicten as conexións a realizar cos servizos públicos de saneamento e abastecemento de auga.

Presentarase Proxecto de execución debidamente visado polo Colexio Profesional correspondente, por aplicación do artigo 2 do Real Decreto 100/2010, do 5 de agosto, sobre visado colexial obrigatorio, estudio de seguridade e saúde, e sen obter previamente a autorización municipal para o seu comezo, así como oficios dos técnicos encargados da dirección das obras.

As dúas partes da parcela con clasificación diferente quedarán vinculadas entre si xa que a colocación das construcións coincide coa liña que separa as dúas clasificacións de solo da parcela e polo tanto non se podería segregar a parcela por motivos de planeamento por non recuarse os 3 metros que esixiría a ordenanza en caso de ser unha nova parcela.

3º) Notificar este acordo á interesada para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer.

EXPEDIENTE: 2021/U022/000024

Visto o escrito co número 2021/999/00000780 do Rexistro Telemático de Entrada de Documentos deste Concello, de data 9/12/2021, presentado por MIGUEL POSE BLANCO, en representación de APARTAMENTOS VIDAMUXIA, SL, con CIF: B-70.583.513, no que solicita licenza de edificación para rehabilitación de edificio para apartamentos turísticos (Referencia Catastral número: 2426605MH8722N0001EF).

Considerando que, co número 2021/999/00000822 do Rexistro Telemático de Entrada de Documentos deste Concello, de data 28/12/2021, MIGUEL POSE BLANCO, en representación de APARTAMENTOS VIDAMUXIA, SL, con CIF: B-70.583.513, aporta documentación complementaria.



## CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

Considerando, que do informe técnico de data 19/01/2022, emitido polo arquitecto que presta servizos en materia urbanística nesta corporación, despréndese a documentación que se deberá presentar para continuar coa tramitación do expediente.

Considerando que, co número 2022/000/00000031 (RS) de 20/01/2022, remítese oficio MIGUEL POSE BLANCO, ao que se lle xunta unha copia do informe técnico de 19/01/2022, requiríndolle a presentación da documentación que consta no informe técnico e indicándolle que se suspenden os cómputos de prazos do expediente, mentres non se presente a documentación requirida.

Considerando que, co número 2022/999/00000124 do Rexistro Telemático de Entrada de Documentos deste Concello, de data 17/02/2022, MIGUEL POSE BLANCO en representación de APARTAMENTOS VIDAMUXIA, SL, con CIF: B-70.583.513, presenta a documentación requirida para continuar coa tramitación do expediente.

Visto que con data 3/03/2022, o arquitecto que presta servizos nesta corporación, informa favorablemente o proxecto básico presentado.

Visto o informe xurídico favorable emitido o día 4/03/2022, por Gloria Zúñiga Rial, letrada colexiada número 2326 do ICA de Santiago de Compostela, en nome de representación de GALIVALIA empresa que presta servizos de asesoramento xurídico a esta corporación.

De conformidade co previsto no artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia; a Xunta de Goberno por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Conceder a APARTAMENTOS VIDAMUXIA, SL, con CIF: B-70.583.513, licenza para a realización de obras consistentes na reforma interior de edificio para cambio de categoría en residencial público (de hotel a apartamentos turísticos de 1 chave) en base ao proxecto básico sen visar de data 22 de novembro de 2021 redactado polo arquitecto F. Ramón García Martínez, colexiado nº. 2181 do COAG.

2º) As obras non se poderán iniciar sen presentar previamente proxecto de execución debidamente visado polo Colexio Profesional correspondente, por aplicación do artigo 2 do Real Decreto 100/2010, do 5 de agosto, sobre visado colexial obrigatorio, estudio de seguridade e saúde, e sen obter previamente a autorización municipal para o seu comezo.

O artigo 30 do RLS indica que entre os deberes dos propietarios de solo urbano consolidado están os da cesión gratuíta ao concello dos terreos destinados a vías fóra das aliñacións establecidas no planeamento, completando pola súa conta a urbanización necesaria cando se rehabiliten integralmente como o caso que nos ocupa. Condicionarase a licenza a presentación en documento público da cesión ao Concello dos terreos necesarios para a apertura ou regularización do viario preciso.



## CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

As obras necesarias para cumprir co disposto neste punto, recolleranse nun proxecto de obras ordinarias que se presentará xuntamente co proxecto de execución que deberá obter autorización da Axencia Galega de Infraestruturas.

O proxecto de execución incorporará a xustificación adecuada do cumprimento do regulamento electrotécnico de baixa tensión coa presentación do correspondente proxecto técnico de instalacións eléctricas, redactado e asinado por técnico titulado competente.

3º) O orzamento de execución material da obra segundo o proxecto ascende á cantidade de dous centos seis mil cento corenta e cinco euros e trinta e nove céntimos (206.145,39 €).

O orzamento de execución material en aplicación da ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre construcións, instalacións e obras aprobada definitivamente mediante acordo adoptado polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o día 4/10/2011, e publicado no BOP número 231 de 5/12/2011, é de trescentos corenta e oito mil oitocentos sesenta e un euros e corenta e tres céntimos (348.861,43 €) e sobre este importe calcularase o ICIO e a tramitación do expediente.

4º) Notificar este acordo ao interesado para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer.

### LICENZA DE MOVEMENTOS DE TERRA E MUROS DE CONTENCION

EXPEDIENTE: 2021/U024/000002

Visto o escrito co número 2021/999/00000570 do Rexistro Telemático de Entrada de Documentos deste Concello, de data 20/09/2021, presentado por FRANCISCO RAMON GARCIA MARTINEZ, en nome e representación de MARIA REY RAMOS, no que solicita licenza para a construción dun muro de mampostería no linde norte da parcela sita na localidade de Escaselas, nunha lonxitude de 41 metros e altura de 1 metro (Referencia Catastral número: 15038A502009540000DE).

Considerando, que no informe técnico de data 8/10/2021, emitido polo arquitecto que presta servizos en materia urbanística nesta corporación, declarase incompleta a documentación presentada para a realización das obras expresadas na solicitude de licenza de movementos de terra e muros de contención, debendo acadarse para poder realizar as mesmas:

- Autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural dependente da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.
- Autorización do organismo autonómico Augas de Galicia.

Considerando, que mediante oficio co número 2021/000/00001859 (RS) de 11/10/2021, remítese copia do expediente á DIRECCIÓN XERAL DO PATRIMONIO CULTURAL, pertencente á CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACION UNIVERSITARIA, para que emita o correspondente informe sectorial.





## CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

Resultando, que con data 7/01/2022, a Directora Xeral de Patrimonio Cultural resolve autorizar as obras de construción de muro de peche de parcela en Escaselas (Ref. Catastral 15038A502009540000DE).

Resultando, que con data 1/03/2022, emíttese resolución favorable de Augas de Galicia.

Visto o informe de data 9/03/2022, emitido polo arquitecto que presta servizos en materia urbanística nesta corporación, no que se declara completa a documentación presentada para a realización das obras expresadas e a comunicación previa cumpre os requisitos establecidos no artigo 146 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia.

De conformidade co previsto no artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia; a Xunta de Goberno por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Conceder a MARIA REY RAMOS, licenza para a realización de obras consistentes na construción dun muro de mampostería no linde norte da parcela sita na localidade de Escaselas, nunha lonxitude de 41 metros e altura de 1 metro (Referencia Catastral número: 15038A502009540000DE), debendo cumprir en todo caso:

- Antes do inicio da obra deberá solicitarse polo interesado na área de Urbanismo do Concello de Fisterra que se fixe sobre a parcela a alineación e o retranqueo do peche con respecto ao vía público.

Ademais, deberá cumprir en todo caso, as seguintes condicións impostas pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural:

- As características estéticas e construtivas e os materiais, cores e acabados serán acordes coa paisaxe circundante e coas construcións tradicionais do lugar. A pedra que se empregue será preferentemente da zona, de dimensións, morfoloxía e cromatismo similares aos utilizados tradicionalmente na área.

- O rexuntado da pedra realizarase con morteiros de cal ou bastardos de cal e cemento en tons similares aos da pedra (tons ocre, non grises) e quedarán lixeiramente refundidos na xunta ou a rentes coa fábrica. Admítese así mesmo que o morteiro quede oculto no interior do muro. En calquera caso, prohibese o uso de morteiros de cemento.

- Á vista do sistema construtivo empregado considérase preferente que o acabado sexa de cara vista por ambas caras. Porén, dado que o orzamento achegado sinala que será, de cara vista por unha banda, de preverse calquera tipo de revestimento por algunha das caras deberá remitirse a descrición deste para a súa autorización, se procede, por esta DXPC.

- A execución do peche da parcela non poderá supoñer a desaparición do arborado autóctono existente.



## CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

- Poderanse utilizar sebes vivas como complemento de peche, sempre que se utilicen especies de carácter autóctono.

- Durante as obras non se interromperá o paso dos peóns, debendo adoptar as medidas precisas para que se transite con seguridade.

- De apareceren restos arqueolóxicos no transcurso destas obras, comunicarase de contado á Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, que indicará as medidas oportunas.

2º) Notificar este acordo á interesada para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer.

### COMUNICACIONES PREVIAS DE OBRA

EXPEDIENTE: 2022/U026/000022

Visto o escrito co número 2022/000/00000303 do Rexistro Xeral de Entrada de Documentos deste Concello, de data 22/02/2022, presentado por YOLANDA FERNANDEZ PAJARO, de COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRA para pintado interior e ademais substituír a plaqueta e azulexo do apartamento (Referencia Catastral número: 1547501MH8514N0022OE).

Visto o informe de data 2/03/2022, emitido polo arquitecto que presta servizos en materia urbanística nesta corporación, no que se declara completa a documentación presentada para a realización das obras expresadas e a comunicación previa cumpre os requisitos establecidos no artigo 146 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, toda vez que as obras solicitadas pódense encadrar dentro das obras de conservación e as necesarias para o mantemento do uso preexistente, e a obra solicitada está permitida segundo a normativa de aplicación.

De conformidade co previsto no artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia; a Xunta de Goberno por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Conceder a YOLANDA FERNANDEZ PAJARO, o título habilitante para a realización de obras de pintado interior e ademais substituír a plaqueta e azulexo do apartamento (Referencia Catastral número: 1547501MH8514N0022OE).

2º) Notificar este acordo á interesada para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer.



## CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

EXPEDIENTE: 2022/U026/000023

Visto o escrito co número 2022/999/00000144 do Rexistro Telemático de Entrada de Documentos deste Concello, de data 22/02/2022, presentado por ALBERTO SUAREZ FONTENLA, en representación de UFD DISTRIBUCION ELECTRICIDAD, S.A., con CIF: A-63.222.533 e domicilio de notificación electrónica no mail [estafetadiglya@ufd.es](mailto:estafetadiglya@ufd.es), de COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRA de instalación RBTS mediante canalización de 27 metros desde PAS ata a CPM segundo consta na CPP RBT para dar subministro de 45,54 kw a un edificio sito na rúa Cabello, 18 de Fisterra (Referencia Catastral número: 8414303MH7581S0001YU).

Resultando, que con data 9/02/2022, a Directora Xeral de Patrimonio Cultural resolve autorizar a UFD Distribución Electricidad, S.A., para a execución dunha sobras co obxectivo de dotar de subministro eléctrico de 45,54 kw a un edificio de vivendas (referencia catastral número 8414303MH7581S0001YU).

Visto o informe de data 3/03/2022, emitido polo arquitecto que presta servizos en materia urbanística nesta corporación, no que se declara completa a documentación presentada para a realización das obras expresadas e a comunicación previa cumpre os requisitos establecidos no artigo 146 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia.

De conformidade co previsto no artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia; a Xunta de Goberno por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Conceder a ALBERTO SUAREZ FONTENLA, en representación de UFD DISTRIBUCION ELECTRICIDAD, S.A., con CIF: A- 63.222.533, o título habilitante para a realización de obras de instalación RBTS mediante canalización de 27 metros desde PAS ata a CPM segundo consta na CPP RBT para dar subministro de 45,54 kw a un edificio (Referencia Catastral número: 8414303MH7581S0001YU), debendo en todo caso:

-As obras non se poderán iniciar en obter previamente a autorización municipal para o comezo das obras do proxecto que obtivo licenza na Xunta de Goberno Local de 13/12/2021.

-A localización da caixa de contadores non poderá realizarse no espazo comprendido entre a fachada da edificación existente e a estrada que deberá ser accesible desde o espazo público polo que deberá colocarse enrasado coa aliñación da fachada e en calquera caso, con acceso directo desde a vía pública.

- Informar ao concello acerca do día do comezo das obras mediante escrito por Rexistro de Entrada no Concello.

- Os materiais empregados na execución da obra deberán ser recollidos e retirados, se fose o caso, con colectores axeitados, que de ser o caso serán descargados en vertedoiro autorizado.

- Repoñerase ao estado inicial o pavimento afectado coas mesmas calidades e materiais.



## CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

- Coas obras pretendidas é necesario levantar o pavimento existente no viario, polo que será necesario a presentación dun aval bancario ou depositar na conta do Concello o importe do coste de reposición da urbanización afectada.
- Este importe é de cincocentos euros (500,00 €).
- Esta garantía será devolta cando os servizos técnicos xiren visita trala realización das obras e se comprobe que o pavimento quedou igual que o estado inicial a executar as pretendidas obras.
- Non se poderá acometer a contratación definitiva do servizo, que requirirá a presentación da primeira ocupación que esixe o artigo 27.7 da Ordenanza reguladora dos procedementos de intervención administrativa nos actos do uso do solo, subsolo e no exercicio de actividades e apertura de establecementos.
- A autorización concedida permitirá unicamente a realización da obra da acometida coa rede de servizo, para a execución da licenza concedida pola Xunta de Goberno Local de data 13/12/2021, para a reforma interior dun edificio fora de ordenación para cambio de uso de vivenda unifamiliar a 4 apartamentos turísticos de 1 chave, segundo o indicado polo artigo 356.5 do RLSG.

2º) Notificar este acordo ao interesado para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer.

EXPEDIENTE: 2021/U026/000060

Visto o escrito co número 2021/000/00000919 do Rexistro Xeral de Entrada de Documentos deste Concello, de data 11/05/2021, presentado por MANUEL MARCOTE RAMALLO, de COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRA de recebo de fachadas principal e lateral dun cabanel existencia no lugar de Denle (Referencia Catastral número: 000300100MH75D0001WQ).

Considerando, que no informe técnico de data 20/05/2021, emitido polo arquitecto que presta servizos en materia urbanística nesta corporación, declarase incompleta a documentación presentada para a realización das obras expresadas na comunicación previa, debendo acadarse para poder realizar as mesmas autorización da Delegación Territorial da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural de Galicia.

Considerando, que mediante oficio co número 2021/000/00000737 (RS) de 21/05/2021, remítese copia do expediente ao SERVIZO DE PATRIMONIO CULTURAL DE A CORUÑA, pertencente á CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA, para que emita o correspondente informe sectorial.

Resultando, que con data 28/10/2021, a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural emite informe favorable.

Visto o informe de data 3/03/2022, emitido polo arquitecto que presta servizos en materia urbanística nesta corporación, no que se declara completa a documentación presentada para a realización das obras expresadas e a comunicación previa cumpre



## CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

os requisitos establecidos no artigo 146 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, toda vez que as obras solicitadas pódense encadrar dentro das obras de conservación e as necesarias para o mantemento do uso preexistente, e a obra solicitada está permitida segundo a normativa de aplicación sempre que unha vez rematada se pinte en cor branca para armonizar coa vivenda existente.

De conformidade co previsto no artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia; a Xunta de Goberno por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Conceder a MANUEL MARCOTE RAMALLO, o título habilitante para a realización de obras de recebo de fachadas principal e lateral dun cabanel (Referencia Catastral número: 000300100MH75D0001WQ), debendo cumprir en todo caso, as seguintes condicións indicadas pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural:

- Esta actuación non terá incidencia salientable sobre o ben protexido, sempre que as fachadas queden debidamente rematadas e pintadas nunha cor da gama dos brancos ou area clara. Así mesmo, suxírese que a cuberta, que é de fibrocemento, quede rematada con tella cerámica curva.

- Así mesmo, no prazo máximo de seis (6) meses contados desde o remate da intervención, achegarase á Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, unha memoria final con fotos comparativas do estado inicial e final.

2º) Notificar este acordo ao interesado para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer.

EXPEDIENTE: 2021/U026/000070

Visto o escrito co número 2021/000/00001043 do Rexistro Xeral de Entrada de Documentos deste Concello, de data 21/05/2021, presentado por CARMEN MARIA MARTINEZ GARCIA, de COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRA de substitución de 2 fiestras da fachada principal da vivenda sita no domicilio de residencia, con ampliación das mesmas, (Referencia Catastral número: 8709202MH7580N0001TT).

Considerando, que no informe técnico de data 27/05/2021, emitido polo arquitecto que presta servizos en materia urbanística nesta corporación, declarase incompleta a documentación presentada para a realización das obras expresadas na comunicación previa, debendo acadarse para poder realizar as mesmas autorización da Delegación Territorial da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural de Galicia.

Considerando, que mediante oficio co número 2021/000/00000754 (RS) de 31/05/2021, remítese copia do expediente ao SERVIZO DE PATRIMONIO CULTURAL DE A CORUÑA, pertencente á CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACION UNIVERSITARIA, para que emita o correspondente informe sectorial.



## CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

Resultando, que con data 28/10/2021, a Xefa do Servizo de Coordinación Cultural resolve autorizar a intervención solicitada.

Resultando, que no expediente consta declaración responsable da realización de obras na zona de servidume de protección do dominio público marítimo - terrestre, dirixida á Xefatura Territorial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda de A Coruña.

Visto o informe de data 2/03/2022, emitido polo arquitecto que presta servizos en materia urbanística nesta corporación, no que se declara completa a documentación presentada para a realización das obras expresadas e a comunicación previa cumpre os requisitos establecidos no artigo 146 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, toda vez que as obras solicitadas pódense encadrar dentro das obras de conservación e as necesarias para o mantemento do uso preexistente e permitidas pola ordenanza de aplicación sempre que o material a utilizar sexa a madeira pintada como a perfilaría metálica lacada ou esmaltada.

De conformidade co previsto no artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia; a Xunta de Goberno por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Conceder a CARMEN MARIA MARTINEZ GARCIA, o título habilitante para a realización de obras de substitución de 2 fiestras da fachada principal da vivenda sita no domicilio de residencia, (Referencia Catastral número: 8709202MH7580N0001TT), debendo cumprir en todo caso, as seguintes condicións indicadas polo Servizo de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura, Educación e Universidade:

- O material da carpintería exterior sexa madeira pintada ou perfilaría metálica lacada ou esmaltada.
- A cor será das tradicionais da zona e coherente coas existentes no mesmo inmovible, e no caso de tratarse dunha carpintería metálica, non imitará outros materiais (veteado).
- A caixa da persiana non sexa visible ao exterior.

2º) Notificar este acordo á interesada para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer.

EXPEDIENTE: 2021/U026/000104

Visto o escrito co número 2021/000/00001570 do Rexistro Xeral de Entrada de Documentos deste Concello, de data 28/07/2022, presentado por CARMEN ISABEL TRABA CANOSA, de COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRA de pintado en cor branca da fachada da vivenda sita no domicilio de residencia, (Referencia Catastral número: 001401600MH75D0001SQ).



## CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

Visto o informe de data 2/03/2022, emitido polo arquitecto que presta servizos en materia urbanística nesta corporación, no que se declara completa a documentación presentada para a realización das obras expresadas e a comunicación previa cumpre os requisitos establecidos no artigo 146 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia.

De conformidade co previsto no artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia; a Xunta de Goberno por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Conceder a CARMEN ISABEL TRABA CANOSA, o título habilitante para a realización de obras de pintado en cor branca da fachada da vivenda sita no domicilio de residencia, (Referencia Catastral número: 001401600MH75D0001SQ), toda vez que a edificación preténdese pintar en cor branca, sendo esta cor axustada aos criterios de cor que se poden definir ou orientar desde a Xunta de Galicia e se adapta ao entorno no que se insire.

2º) Notificar este acordo á interesada para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer.

EXPEDIENTE: 2021/U026/000105

Visto o escrito co número 2021/999/00000462 do Rexistro Telemático de Entrada de Documentos deste Concello, de data 22/07/2021, presentado por JOSE CARLOS LAGO TRABA, en representación de ALBERTO CASAIS MOURE, de COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRA de rehabilitación de cuberta sita no lugar de San Martiño de Abaixo, (Referencia Catastral número: 00090200MH75B0002SU), en base ao proxecto de rehabilitación de cuberta inclinada a 5 augas realizado polo arquitecto técnico José Carlos Lago Traba.

Considerando, que no informe técnico de data 3/08/2021, emitido polo arquitecto que presta servizos en materia urbanística nesta corporación, declarase a ineficacia da comunicación previa presentada para a realización das obras pretendidas, xa que as mesmas son obxecto dunha licenza de obras.

Considerando, que co número 2021/000/00001005 (RS) de 19/08/2021, remítese oficio a José Carlos Lago Traba, ao que se lle xunta copia do informe técnico de data 3/08/2021, indicándolle que se suspenden os cómputos de prazos do expediente, mentres non se presente a documentación requirida.

Considerando que, co número 2021/999/00000666 do Rexistro Telemático de Entrada de Documentos deste Concello, de data 1/11/2021, JOSE CARLOS LAGO TRABA, en representación de ALBERTO CASAIS MOURE, aporta documentación complementaria.

Considerando, que no informe técnico de data 9/11/2021, emitido polo arquitecto que presta servizos en materia urbanística nesta corporación, declarase incompleta a



## CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

documentación presentada para a realización das obras expresadas na comunicación previa, indicando a documentación que se deberá presentar para poder realizar as mesmas.

Considerando, que co número 2021/000/00001939 (RS) de 11/11/2021, remítese oficio a José Carlos Lago Traba, ao que se lle xunta copia do informe técnico de data 9/11/2021, requiríndolle a presentación da documentación que consta no informe técnico e indicándolle que se suspenden os cómputos de prazos do expediente, mentres non se presente a documentación requirida.

Considerando que, co número 2021/999/00000777 do Rexistro Telemático de Entrada de Documentos deste Concello, de data 1/11/2021, JOSE CARLOS LAGO TRABA, en representación de ALBERTO CASAIS MOURE, aporta documentación complementaria.

Considerando, que no informe técnico de data 22/12/2021, emitido polo arquitecto que presta servizos en materia urbanística nesta corporación, declarase incompleta a documentación presentada para a realización das obras expresadas na comunicación previa, indicando a documentación que se deberá presentar para poder realizar as mesmas.

Considerando, que co número 2021/000/00002059 (RS) de 28/12/2021, remítese oficio a José Carlos Lago Traba, ao que se lle xunta copia do informe técnico de data 22/12/2021, requiríndolle a presentación da documentación que consta no informe técnico e indicándolle que se suspenden os cómputos de prazos do expediente, mentres non se presente a documentación requirida.

Considerando que, co número 2022/999/00000018 do Rexistro Telemático de Entrada de Documentos deste Concello, de data 9/01/2022, JOSE CARLOS LAGO TRABA, en representación de ALBERTO CASAIS MOURE, aporta documentación complementaria.

Considerando que, no informe técnico de data 12/01/2022, emitido polo arquitecto que presta servizos en materia urbanística nesta corporación, declarase incompleta a documentación presentada para a realización das obras expresadas, debendo acadarse para poder realizar as mesmas autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural de Galicia.

Considerando, que mediante oficio co número 2022/000/00000022 (RS) de 18/01/2022, remítese copia do expediente á DIRECCIÓN XERAL DE PATRIMONIO CULTURAL pertencente á CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA, para que emita o correspondente informe sectorial.

Resultando, que con data 3/03/2022, a Directora Xeral de Patrimonio Cultural resolve autorizar a execución das obras de reestruturación de cuberta no lugar de San Martiño de Abaixo, (referencia catastral número 000902000MH75B).

Visto o informe de data 9/03/2022, emitido polo arquitecto que presta servizos en materia urbanística nesta corporación, no que se declara completa a documentación





## CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

presentada para a realización das obras expresadas e a comunicación previa cumpre os requisitos establecidos no artigo 146 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, toda vez que as obras solicitadas pódense considerar de reestruturación e ampliación da superficie construída, estando permitidas cumprindo os límites de volume indicado na ordenanza de aplicación.

De conformidade co previsto no artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia; a Xunta de Goberno por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Conceder a ALBERTO CASAIS MOURE, o título habilitante para a realización de obras de reestruturación da cuberta da edificación sita no lugar de San Martiño de Abaixo, (Referencia Catastral número: 000902000MH75B0000PT), debendo cumprir en todo caso, as seguintes condicións indicadas pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural:

- Adecuaranse as pendentes dos faldróns conforme ao modelo das construcións populares da zona, limitadas a entre un 25% e un 40% (entre 14 e 22º). Non se construírán novas mansardas nin quebras nas vertentes. Elimínanse os voos e empregárase unha solución de beirado de canto mínimo, no que o bordo exterior da derradeira tella diste como moito 20 cm da liña da fachadas, acorde coas características da arquitectura popular da zona. Os pinches formáranse en todo caso en continuidade coas fachadas.

- Non se modificará a altura da cuberta no seu encontro co muro. A adición de illamento ou o incremento de sección da cuberta, farase cara o interior, reducindo o espazo baixo-cuberta. Coidarase que as placas de fibrocemento non queden vistas en ningún punto do perímetro da cuberta. Prohíbese a adición de cornixas, aplacados ou calquera elemento decorativo no encontro entre muro e cuberta.

- O material de cobertura a utilizar será o característico do lugar no que se sitúa a edificación. Para este caso, o material idóneo é a tella cerámica curva na súa cor natural; instálase na cuberta da vivenda e na do almacén anexo. Os encontros ente vertentes nos cumios e lima tesas resolveranse co propio material de cubrición, evitando o uso de elementos metálicos, porén os encontros especiais da cuberta poderán resolverse mediante solucións ocultas ou con babeiros de chapa metálica, non se admite o emprego de pinturas de clorocaucho.

- Posto que durante os traballos previstos será necesario actuar nos canlóns e baixantes, se se substitúen por uns novos estes serán de sección semicircular e circular respectivamente, de zinc ou cobre ao natural, ou de aluminio lacado en cor branca ou gris clara, en acabado mate. En todo caso o trazado das baixantes será o mais sinxelo posible, e non se admite o verquido das augas da cuberta superior sobre as cubertas interiores.

- O acabado da cheminea e dos pinches de cuberta, será acorde ao das fachadas, enfusado liso e pintado; os paramentos nos que se intervéñen quedarán totalmente rematados, sen transición visible na textura nin na cor entre a superficie nova e a vella. Recoméndase acometer o pintado uniforme con acabado mate de todas as fachadas



## CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

do conxunto, nun ton pouco saturado entre os propostos nas dúas primeiras columnas do apartado de fondos da carta R06 do tomo IX da Guía de cor e materiais de Galicia”.

2º) Notificar este acordo ao interesado para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer.

EXPEDIENTE: 2021/U026/000106

Visto o escrito co número 2021/000/00001629 do Rexistro Xeral de Entrada de Documentos deste Concello, de data 4/08/2021, presentado por PEDRO MANUEL LEMA LEMA, de COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRA de pintado na cor actual (azul) de dúas fachadas da vivenda sita no domicilio de residencia, (Referencia Catastral número: 001400500MH75D0001OQ).

Considerando, que no informe técnico de data 18/08/2021, emitido polo arquitecto que presta servizos en materia urbanística nesta corporación, declarase incompleta a documentación presentada para a realización das obras expresadas na comunicación previa, debendo acadarse para poder realizar as mesmas autorización da Delegación Territorial da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.

Considerando, que mediante oficio co número 2021/000/00001010 (RS) de 24/08/2021, remítese copia do expediente ao SERVIZO DE PATRIMONIO CULTURAL DE A CORUÑA, pertencente á CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACION UNIVERSITARIA, para que emita o correspondente informe sectorial.

Resultando, que con data 24/02/2022, a Directora Xeral de Patrimonio Cultural resolve autorizar as obras de pintado de fachadas en San Salvador de Duio, no concello de Fisterra.

Visto o informe de data 25/02/2022, emitido polo arquitecto que presta servizos en materia urbanística nesta corporación, no que se declara completa a documentación presentada para a realización das obras expresadas e a comunicación previa cumpre os requisitos establecidos no artigo 146 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, toda vez que as obras solicitadas pódense encadrar dentro das obras de conservación e as necesarias para o mantemento do uso preexistente, e a cor pretendida está permitida segundo a normativa de aplicación.

De conformidade co previsto no artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia; a Xunta de Goberno por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Conceder a PEDRO MANUEL LEMA LEMA, o título habilitante para a realización de obras de pintado de dúas fachadas da vivenda sita no domicilio de residencia, (Referencia Catastral número: 001400500MH75D0001OQ), debendo cumprir en todo caso, as seguintes condicións indicadas pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural:



## CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

- As características estéticas e construtivas e os materiais, cores e acabados serán acordes coa paisaxe circundante e coas construcións tradicionais do lugar. Neste sentido e en consonancia cos sinalados na guía, á vista do carácter do núcleo no que se insire, a edificación deberá ser pintada en tons brancas semellantes aos das pinturas tradicionais ao cal, ou alternativamente, un beixe con moi pouca saturación de cor. A modo de orientación, pódense consultar as cores sinaladas para fondos na Guía de Cores e Materiais para a zona, Chairas e fosas occidentais, para este tipo de edificación (edificación construída desde 1960 ata a actualidade en solo de núcleo rural), sempre que se escolla un entre as devanditas gamas. Evítanse en todo caso, as cores rechamantes. Non se permite o mantemento da cor azul actual.

- O acabado final da fachada será liso, mate e sen brillos.

- A previsión de pintar a construción existente debe estenderse á totalidade dos paramentos exteriores da edificación, de xeito que presente un remate digno e unitario en todas as fachadas, cun acabado apto para quedar á vista.

2º) Notificar este acordo ao interesado para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer.

EXPEDIENTE: 2021/U026/000107

Visto o escrito co número 2021/000/00001633 do Rexistro Xeral de Entrada de Documentos deste Concello, de data 4/08/2021, presentado por JUAN ANGEL RIVERA GONZALEZ, de COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRA de pintado en cor clara, da fachada da vivenda (Referencia Catastral número: 8506707MH7580N0001WT).

Considerando, que no informe técnico de data 18/08/2021, emitido polo arquitecto que presta servizos en materia urbanística nesta corporación, declarase incompleta a documentación presentada para a realización das obras expresadas na comunicación previa, debendo acadarse para poder realizar as mesmas autorización da Delegación Territorial da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.

Considerando, que mediante oficio co número 2021/000/00001009 (RS) de 24/08/2021, remítese copia do expediente ao SERVIZO DE PATRIMONIO CULTURAL DE A CORUÑA, pertencente á CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA, para que emita o correspondente informe sectorial.

Resultando, que con data 24/02/2022, a Directora Xeral de Patrimonio Cultural resolve autorizar as obras de pintado de fachadas na rúa de Arriba, 44 de Fisterra.

Visto o informe de data 25/02/2022, emitido polo arquitecto que presta servizos en materia urbanística nesta corporación, no que se declara completa a documentación presentada para a realización das obras expresadas e a comunicación previa cumpre os requisitos establecidos no artigo 146 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, toda vez que as obras solicitadas pódense encadrar dentro das obras de conservación e as necesarias para o mantemento do uso preexistente, e a cor pretendida está permitida segundo a normativa de aplicación.



## CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

De conformidade co previsto no artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia; a Xunta de Goberno por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Conceder a JUAN ANGEL RIVERA GONZALEZ, o título habilitante para a realización de obras de pintado en cor clara, da fachada da vivenda (Referencia Catastral número: 8506707MH7580N0001WT), debendo cumprir en todo caso, as seguintes condicións indicadas pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural:

- As características estéticas e construtivas e os materiais, cores e acabados serán acordes coa paisaxe circundante e coas construcións tradicionais do lugar. Neste sentido e en consonancia cos sinalados na guía, á vista do carácter do núcleo no que se insire, a edificación deberá ser pintada en tons brancas semellantes aos das pinturas tradicionais ao cal, ou alternativamente, un beixe con moi pouca saturación de cor. A modo de orientación, pódense consultar as cores sinaladas para fondos na Guía de Cores e Materiais para a zona, Chairas e fosas occidentais, para este tipo de edificación (edificación construída desde 1960 ata a actualidade en solo de núcleo rural), sempre que se escolla un entre as devanditas gamas. Evitaranse en todo caso, as cores rechamantes. Non se permite o mantemento da cor laranxa actual.

- O acabado final da fachada será liso, mate e sen brillos.

- A previsión de pintar a construción existente debe estenderse á totalidade dos paramentos exteriores da edificación, de xeito que presente un remate digno e unitario en todas as fachadas, cun acabado apto para quedar á vista.

2º) Notificar este acordo ao interesado para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer.

EXPEDIENTE: 2021/U026/000157

Visto o escrito co número 2021/999/00000738 do Rexistro Telemático de Entrada de Documentos deste Concello, de data 22/11/2021, presentado por ALBERTO SUAREZ FONTENLA, en representación de UFD DISTRIBUCION ELECTRICIDAD, S.A., con CIF: A-63.222.533 e domicilio de notificación electrónica no mail [estafetadiglya@ufd.es](mailto:estafetadiglya@ufd.es), de COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRA de instalación de liña de baixa tensión subterránea con inicio en PAS en fachada e final na CPM do solicitante con canalización total de 1 metro de lonxitude para dar subministro eléctrico á vivenda sita na rúa Monte Farelo de Fisterra (Referencia Catastral número: 8607422MH7580N0001XT).

Considerando, que no informe técnico de data 15/12/2021, emitido polo arquitecto que presta servizos en materia urbanística nesta corporación, declarase incompleta a documentación presentada para a realización das obras expresadas na comunicación previa, debendo acadarse para poder realizar as mesmas:

- Oficio do técnico que vai levar a dirección das obras.



## CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

- Autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural dependente da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Resultando, que co número 2022/999/0000030 do Rexistro Telemático de Entrada de Documentos, de 12/01/2022, Alberto Suárez Fontenla, en representación de UFD DISTRIBUCION ELECTRICIDAD, S.A., presenta escrito de nomeamento de Dirección de Obra e nomeamento de coordinador de seguridade e saúde.

Resultando, que con data 25/02/2022, a Directora Xeral de Patrimonio Cultural resolve autorizar as obras de RBTS, subministro eléctrico para vivenda na rúa Monte Farelo, 1 de Fisterra, (parcela con referencia catastral número 8607422MH7580N0001XT).

Visto o informe de data 3/03/2022, emitido polo arquitecto que presta servizos en materia urbanística nesta corporación, no que se declara completa a documentación presentada para a realización das obras expresadas e a comunicación previa cumpre os requisitos establecidos no artigo 146 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia.

De conformidade co previsto no artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia; a Xunta de Goberno por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Conceder a ALBERTO SUAREZ FONTENLA, en representación de UFD DISTRIBUCION ELECTRICIDAD, S.A., con CIF: A- 63.222.533, o título habilitante para a realización de obras de instalación de liña de baixa tensión subterránea con inicio en PAS en fachada e final na CPM do solicitante, con canalización total de 1 metro de lonxitude, para dar subministro eléctrico á vivenda sita na rúa Monte Farelo de Fisterra (Referencia Catastral número: 8607422MH7580N0001XT), debendo en todo caso:

- Informar ao concello acerca do día do comezo das obras mediante escrito por Rexistro de Entrada no Concello.

- De apareceren restos arqueolóxicos no transcurso destas obras, comunicarse de contado á Dirección Xeral do Patrimonio Cultural que indicará as medidas oportunas.

- As áreas destinadas a amosar material, paso de maquinaria, colectores de residuos e estacionar os vehículos vinculados coas obras situaranse fóra do Camiño de Santiago e apartados da visión desde este, así como fóra dos contornos de protección dos elementos de patrimonio cultural.

- De seren necesarias, as arquetas de acceso á rede colocaranse ordenadamente a rentes do chan.

- Os materiais empregados na execución da obra deberán ser recollidos e retirados, se fose o caso, con colectores axeitados, que de ser o caso serán descargados en vertedoiro autorizado.

- Repoñer-se ao estado inicial o pavimento afectado coas mesmas calidades e materiais.



## CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

- Coas obras pretendidas é necesario levantar o pavimento existente no viario, polo que será necesario a presentación dun aval bancario ou depositar na conta do Concello o importe do coste de reposición da urbanización afectada.
- Este importe é de cincocentos euros (500,00 €).
- Esta garantía será devolta cando os servizos técnicos xiren visita trala realización das obras e se comprobe que o pavimento quedou igual que o estado inicial a executar as pretendidas obras.
- Non se poderá acometer a contratación definitiva do servizo, que requirirá a presentación da primeira ocupación que esixe o artigo 27.7 da Ordenanza reguladora dos procedementos de intervención administrativa nos actos do uso do solo, subsolo e no exercicio de actividades e apertura de establecementos.
- A autorización concedida permitirá unicamente a realización da obra da acometida coa rede de servizo, para a execución da licenza concedida pola Xunta de Goberno Local de data 18/06/2020, para a rehabilitación dunha vivenda unifamiliar segundo o indicado polo artigo 356.5 do RLSG.

2º) Notificar este acordo ao interesado para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer.

EXPEDIENTE: 2021/U026/000164

Visto o escrito co número 2021/000/00002498 do Rexistro Xeral de Entrada de Documentos deste Concello, de data 30/11/2021, presentado por MANUELA PALMIRA CANOSA INSUA, de COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRA de lavado, cosido de gretas e pintado en cor clara da edificación (Referencia Catastral número: 8607903MH7580N0001JT).

Considerando, que no informe técnico de data 9/12/2021, emitido polo arquitecto que presta servizos en materia urbanística nesta corporación, declarase incompleta a documentación presentada para a realización das obras expresadas na comunicación previa, debendo acadarse para poder realizar as mesmas autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural dependente da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Considerando, que mediante oficio co número 2021/000/00002023 (RS) de 16/12/2021, remítese copia do expediente á DIRECCIÓN XERAL DO PATRIMONIO CULTURAL, pertencente á CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA, para que emita o correspondente informe sectorial.

Resultando, que con data 17/02/2022, a Directora Xeral de Patrimonio Cultural informa favorablemente a realización das obras de lavado, cosido de fendas e pintado de vivenda



## CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

Visto o informe de data 25/02/2022, emitido polo arquitecto que presta servizos en materia urbanística nesta corporación, no que se declara completa a documentación presentada para a realización das obras expresadas e a comunicación previa cumpre os requisitos establecidos no artigo 146 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, debendo cumprir en todo caso, as seguintes condicións indicadas pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.

De conformidade co previsto no artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia; a Xunta de Goberno por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Conceder a MANUELA PALMIRA CANOSA INSUA, o título habilitante para a realización de obras de lavado, cosido de gretas e pintado en cor clara da edificación (Referencia Catastral número: 8607903MH7580N0001JT), debendo cumprir en todo caso as condicións impostas pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, e consistentes en:

- As características estéticas e construtivas e os materiais, cores e acabados serán acordes coa paisaxe circundante e coas construcións tradicionais do lugar. Neste sentido e en consonancia co solicitado, os paramentos deberán ser pintados en cores claras, preferentemente na gama dos brancos ou beixes con pouca saturación de cor. Evitaranse en todo caso as cores rechamantes. A modo de orientación pódense consultar as cores sinaladas para fondos na Guía de Cor e Materiais para a zona.

- O acabado final da fachada será liso, mate e sen brillos.

- A previsión de reparar e pintar a construción existente debe estenderse á totalidade dos paramentos exteriores da edificación, de xeito que presente un remate digno e unitario en todas as fachadas, cun acabado apto para quedar á vista.

2º) Notificar este acordo á interesada para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer.

### **3 - PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CERTIFICACIÓN UNICA DA OBRA MELLORA DO SANEAMENTO NA PRAIA DA RIBEIRA**

EXPEDIENTE: 2022/C003/000002

Examinado o expediente de execución da obra "Mellora do saneamento na Praia da Ribeira - Fisterra, adjudicada por resolución da Alcaldía de 10/11/2021, a favor de ENXEÑERÍA MEDIOAMBIENTAL E DESENVOLVEMENTOS CONSTRUCTIVOS, S.L.U., (EMDEC, S.L.U.), con CIF: B-70.609.391, por importe de vinte e seis mil trescentos sesenta e tres euros e sesenta e catro céntimos (26.363,64 €) e un imposto sobre o valor engadido de cinco mil cincocentos trinta e seis euros e trinta e seis céntimos (5.536,36 €) que suman un importe total de trinta e un mil novecentos euros (31.900,00 €).

Tendo en conta que no expediente consta:



## CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

- Acta de comprobación da implantación, de 17/12/2021, asinada coa conformidade do representante do concello que contrata as obras, José Marcote Suárez (Alcalde-Presidente), polo director de obra Juan Alfonso Botana Castelo e por Manuel Búa Varela, en nome e representación da empresa adxudicataria ENXEÑERÍA MEDIOAMBIENTAL E DESENVOLVEMENTOS CONSTRUCTIVOS, S.L.U. (EMDEC, SLU), da que se desprende que se considera totalmente válida a comprobación da implantación realizada e autoriza o inicio dos traballos.

- Certificación final Única da obra, de data 2/03/2022 asinada polo director de obra Juan Alfonso Botana Castelo coa conformidade do contratista Manuel Búa Varela, en nome e representación da empresa adxudicataria ENXEÑERÍA MEDIOAMBIENTAL E DESENVOLVEMENTOS CONSTRUCTIVOS, S.L.U., (EMDEC, SLU), por un importe total de trinta e un mil novecentos euros (31.900,00 €).

- Acta de recepción definitiva, de data 8/03/2022, asinada coa conformidade do representante de concello de Fisterra, José Marcote Suárez (Alcalde-Presidente), polo director da obra Juan Alfonso Botana Castelo e por Manuel Búa Varela, en nome e representación da empresa adxudicataria ENXEÑERÍA MEDIOAMBIENTAL E DESENVOLVEMENTOS CONSTRUCTIVOS, S.L.U., (EMDEC, SLU).

Por todo iso, e de conformidade co establecido na disposición segunda da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e no artigo 166 do Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aprobada o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes,

### ACORDA

1º) Aprobar a certificación final Única da obra denominada "Mellora do Saneamento na Praia da Ribeira - Fisterra", subscrita polo Director de Obra Juan Alfonso Botana Castelo con data 2/03/2022 e coa conformidade de Manuel Búa Varela, en nome e representación da empresa adxudicataria, ENXEÑERÍA MEDIOAMBIENTAL E DESENVOLVEMENTOS CONSTRUCTIVOS, S.L.U., (EMDEC, SLU), por un importe total de trinta e un mil novecentos euros (31.900,00 €).

2º) Aprobar, dispoñer e recoñecer a cantidade de trinta e un mil novecentos euros (31.900,00 €) contida na certificación final Única da obra a favor do contratista.

3º) Facultar ao Sr. Alcalde-Presidente para a sinatura de cantos documentos sexan necesarios para a execución deste acordo.

4º) Notificar este acordo ao interesado para o seu coñecemento e demais efectos.

### 4º) ASUNTOS VARIOS

#### 4.1 – VENDA AMBULANTE

##### A) LISTA DE ESPERA





## CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

Visto o escrito presentado co numero 2022/999/00000178 (RE) de 7/03/2022 por César Fernández Salazar, no que solicita un posto na venda ambulante para dedicarse a venda de mercaderías.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Incluílo na lista de espera da venda ambulante deste concello co número 110, para dedicarse á venda de mercaderías.

2º) Notificar este acordo ao interesado para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer.

## 4.2 – FESTEXOS EN HONOR A SAN VICENTE DE DUIO

### A) SUBVENCIÓN PARA FESTEXOS

Visto o escrito presentado co número 2022/000/00000276 (RE) de 16/02/2022 por EVA MARIA SENLLE BUITURON, en nome e representación da ASOCIACION COMISION DE FESTAS SAN VICENTE DE DUIO, con CIF: G-70.278.882 no que solicita unha axuda económica para sufragar parte dos gastos derivados da celebración dos festexos en honor a San Vicente de Duio, que se celebrarán os días 11, 12 e 13/03/2022 no campo da festa do lugar de Ermedesuxo de Abaixo deste termo municipal.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Conceder á ASOCIACION COMISIÓN DE FESTAS SAN VICENTE DE DUIO, con CIF: G-70.278.882, unha axuda económica por importe de cincocentos euros (500,00 €), para sufragar parte dos gastos ocasionados co motivo da celebración da festividade en honor a San Vicente de Duio, os días 11, 12 e 13/03/2022, con cargo á aplicación orzamentaria 338/480.00.

2º) Notificar este acordo á interesada para o seu coñecemento e demais efectos, facéndolle saber que para percibir a cantidade subvencionada, deberá presentar as xustificacións correspondentes establecidas no artigo 11 da lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia:

- Memoria xustificativa das actividades realizadas nos festexos en honor a San Vicente de Duio - ano 2022.
- Xustificación de gasto por importe de 500,00 €
- Declaración de que non recibe outras subvencións ou axudas doutros organismos ou institucións, para os mesmos fins que os desta subvención.
- Certificado de non ter débedas coa Axencia Estatal de Administración Tributaria.
- Certificado de estar ao corrente nas obrigas coa Seguridade Social.
- Certificado de non ter débedas pendentes coa Axencia Tributaria de Galicia.

### B) HORARIO ESPECIAL PARA FESTEXOS



## CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

Visto o escrito presentado co número 2022/000/00000276 (RE) de 16/02/2022 por EVA MARIA SENLLE BUITURON, en nome e representación da ASOCIACION COMISION DE FESTAS SAN VICENTE DE DUIO, con CIF: G-70.278.882, no que con motivo da celebración dos festexos en honor a San Vicente de Duio, solicita a ampliación do horario de peche para os días 11, 12 e 12/03/2022.

Considerando, que a Orde do 23 de outubro de 2020, pola que se determina o horario de apertura e peche dos establecementos abertos ao público e de inicio e finalización dos espectáculos públicos e das actividades recreativas, establece no artigo 9 de ampliación de horarios:

“1. Ao abeiro do disposto no artigo 5.f) da Lei 10/2017, do 27 de decembro, os concellos poderán ampliar para todo o seu termo municipal ou para zonas concretas deste os horarios xerais de peche dos establecementos abertos ao público, así como de finalización dos espectáculos públicos e das actividades recreativas, durante a celebración das festas e verbenas populares, do Entroido, da Semana Santa e do Nadal, facendo compatible, en todo caso, o seu desenvolvemento coa aplicación das normas vixentes en materia de contaminación acústica.

2. Os concellos, mediante acordo do órgano competente, establecerán o número máximo de días naturais ao ano en que poderán ampliar os horarios de peche dos establecementos abertos ao público, dos espectáculos públicos e das actividades recreativas.

3. En todos os supostos anteriores, as ampliacións de horario non poderán superar, en ningún caso, en 2 horas os horarios xerais de peche dos establecementos abertos ao público, dos espectáculos públicos e das actividades recreativas.

4. Os concellos tamén poderán ampliar o horario xeral de determinados espectáculos públicos musicais de características específicas ou excepcionais ata un máximo de 2 horas.

A vista do anterior, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Acceder ao solicitado por EVA MARIA SENLLE BUITURON, en nome e representación da ASOCIACION COMISION DE FESTAS SAN VICENTE DE DUIO, con CIF: G-70.278.882, e autorizar a ampliación en dúas (2) horas do horario de peche do espectáculo público da festividade de San Vicente de Duio, que se realizará no campo da festa do lugar de Ermedesuxo de Abaixo deste termo municipal os días 11, 12 e 13/03/2022.

Considerando que o horario xeral de remate dos espectáculos públicos é ás 4:00 horas, e este horario ampliarase con carácter xeral media hora as noites que van do venres ao sábado, do sábado ao domingo e do domingo ao luns, así como as noites de vésperas dos días festivos e as propias noites dos días festivos.



## CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

Considerando a ampliación de 2 horas, o horario xeral de finalización do espectáculo queda establecido nas 6:30 horas. A esta hora iníciárase o desaloxo dos asistentes nun tempo máximo de 30 minutos.

2º) Notificar este acordo á interesada para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer.

### 4.3 – VADOS PERMANENTES

#### BAIXA DE VADOS PERMANENTES

A) Tendo en conta que no baixo do Paseo da Ribeira, 1 desta vila, estase a tramitar expediente de café bar xeadaría, xa non procede manter o vado permanente número 2/1993, no padrón fiscal da taxa pola utilización privativa ou aproveitamentos especiais por entrada de vehículos desde a vía pública aos edificios, locais e solares e das reservas de vía pública para aparcadoiro exclusivo, carga, descarga, etc, para o ano 2022.

Por todo iso, a Xunta de goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Dar de baixa a Ángel Manuel Pérez Rivas, como titular do vado permanente número 2/1993, no padrón fiscal da taxa pola utilización privativa ou aproveitamentos especiais por entrada de vehículos desde a vía pública aos edificios, locais e solares e das reservas de vía pública para aparcadoiro exclusivo, carga, descarga, etc, para o ano 2022.

2º) Notificar este acordo ao interesado para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer, facéndolle saber que para facer efectiva a baixa do vado permanente, deberá devolver a chapa que lle foi entregada no seu día.

B) Tendo en conta que no baixo da rúa Alcalde Fernández, 31 desta vila, estase a tramitar expediente de perruquería, xa non procede manter a reserva de vía pública número 1-2013, no padrón fiscal da taxa pola utilización privativa ou aproveitamentos especiais por entrada de vehículos desde a vía pública aos edificios, locais e solares e das reservas de vía pública para aparcadoiro exclusivo, carga, descarga, etc, para o ano 2022.

Por todo iso, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Dar de baixa a CARRILLO Y LAGO, S.L., con CIF: B-70.023.593, como titular da reserva de vía pública número 1-2013, no padrón fiscal da taxa pola utilización privativa ou aproveitamentos especiais por entrada de vehículos desde a vía pública aos edificios, locais e solares e das reservas de vía pública para aparcadoiro exclusivo, carga, descarga, etc, para o ano 2022.

2º) Notificar este acordo ao interesado para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poia interpoñer.



## CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

### TRANSMISIÓN DE LICENZA DE VADO PERMANENTE

EXPEDIENTE: 2021/V008/000005

C) Visto o escrito presentado co número 2022/000/00000404 (RE) de 7/03/2022, por Elvira Silva Fernández, na que solicita a transmisión ao seu favor do vado permanente 2/2021, que a Xunta de Goberno Local na sesión de 10/06/2021, lle concedeu a Mario Rodríguez Rey, xa que na actualidade é a titular da vivenda con referencia catastral número 1547908MH8514N0001RA

Por todo iso, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Acceder ao solicitado pola interesada e transmitir o vado permanente número 2/2021, a favor de Elvira Silva Fernández

2º) Incluila no padrón fiscal da taxa pola utilización privativa ou aproveitamentos especiais por entrada de vehículos desde a vía pública aos edificios, locais e solares e das reservas de vía pública para aparcadoiro exclusivo, carga, descarga, etc, para o ano 2022 e seguintes.

3º) Notificar este acordo á interesada para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poia interpoñer.

D) Visto o escrito remitido a este Concello a través do Sistema de Interconexión de Rexistros procedente da Deputación da Coruña, co número 2022/900/00000162 (SIR) de 11/02/2022, que achega escrito de Aurea Domínguez Sisto, no que peticona o cambio de titular a favor de María del Carmen López Martínez, dos recibos do vado permanente número 2/1994 e 3/1994 que se localizan na rúa Alfredo Saralegui desta vila.

Por todo iso, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Acceder ao solicitado pola interesada e transmitir os vados permanentes número 2/1994 e 3/1994, a favor de María del Carmen López Martínez.

2º) Incluila no padrón fiscal da taxa pola utilización privativa ou aproveitamentos especiais por entrada de vehículos desde a vía pública aos edificios, locais e solares e das reservas de vía pública para aparcadoiro exclusivo, carga, descarga, etc, para o ano 2022 e seguintes.

3º) Notificar este acordo á interesada para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poia interpoñer.



## CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

### 4.4 – AXUDAS DE EMERXENCIA SOCIAL

A) Visto o escrito presentado co número 2022/000/00000367 (RE) de 1/03/2022, por P. E. P., no que solicita unha axuda económica para poder mercar unha cociña, xa que os seus ingresos son insuficientes.

Visto o informe de data 2/03/2022, emitido polo departamento de Servizos Sociais, do que se desprende a procedencia da concesión dunha axuda económica para este concepto.

Considerando, que no expediente consta Orzamento de 26/02/2022 emitido por Hnos. Leston, S.L., por importe de cincocentos nove euros (509,00 €).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Acceder ao solicitado por P. E. P.

2º) Aceptar o orzamento de 26/02/2022, e recoñecer o gasto a favor de Hnos. Lestón, SL, con CIF: B-15.705.999, por importe de cincocentos nove euros (509,00 €), polo subministro dunha placa de gas e un forno independente, con destino á vivenda de P. E. P.

3º) Notificar este acordo á interesada para o seu coñecemento e demais efectos.

B) Visto o escrito presentado co número 2022/000/00000368 (RE) de 1/03/2022, por L.L.M., no que solicita unha axuda económica para sufragar gastos de primeira necesidade.

Visto o informe de data 2/03/2022, emitido polo departamento de Servizos Sociais, do que se desprende a procedencia dunha axuda económica para este concepto.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Conceder a L.L.M, unha axuda económica de trescentos euros (300,00 €), para cubrir as necesidades primarias da unidade familiar.

2º) Notificar este acordo ao interesado para o seu coñecemento e demais efectos.

C) Visto o escrito presentado co número 2022/000/00000407 (RE) de 7/03/2022, por E.C.L., no que solicita unha axuda económica para cubrir necesidades primarias xa que non percibe ningún ingreso.

Visto o informe de data 8/03/2022, emitido polo departamento de Servizos Sociais, do que se desprende a procedencia dunha axuda económica para este concepto.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:



## CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

1º) Conceder a E.C.L., unha axuda económica de catrocentos (400,00 €), para cubrir as necesidades primarias da unidade familiar.

2º) Notificar este acordo á interesada para o seu coñecemento e demais efectos.

D) Visto o escrito presentado co número 2022/000/00000416 (RE) de 8/03/2022, por M. J. T. T., no que solicita unha axuda económica para o desprazamento ao Ézaro, para acudir ao Servizo de Atención Temperá da Costa da Morte coa súa neta.

Visto o informe de data 8/03/2022, emitido polo departamento de Servizos Sociais, do que se desprende a procedencia da concesión dunha axuda única.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Conceder a M. J. T. T., unha axuda económica de dous centos euros (200,00 €), para pagar os desprazamentos semanais que fai ata o Ézaro, para que a menor sexa atendida no Servizo de Atención Temperá.

2º) Notificar este acordo á interesada para o seu coñecemento e demais efectos.

E) Visto o escrito presentado co número 2022/000/00000431 (RE) de 10/03/2022, por S. M. E. G., no que solicita unha axuda económica de emerxencia social.

Visto o informe de data 10/03/2022, emitido polo departamento de Servizos Sociais, do que se desprende a procedencia da concesión dunha axuda única.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda

1º) Conceder a S. M. E. G., unha axuda de emerxencia social por importe de trescentos euros (300,00 €).

2º) Notificar este acordo á interesada para o seu coñecemento e demais efectos.

E non tendo máis asuntos dos que tratar, o Sr. Alcalde-Presidente levanta a sesión ás 21:00 horas do día en curso, do que como secretario - accidental, dou fe.